

## ANEXO



## CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

*Orde do 19 de novembro de 2009 pola que se modifica o artigo 18 da Orde do 22 de xullo de 2009 (Diario Oficial de Galicia do 30 de xullo) pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para o fomento da investigación e a innovación empresarial no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.*

Pola Orde do 22 de xullo de 2009 aprobáronse as bases que rexen a convocatoria de subvencións para o fomento da investigación e a innovación empresarial, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.

No artigo 18 da devandita orde establécese que o prazo de presentación da documentación da subvención xustificativa así como o período de emisión das facturas, para os expedientes dunha anualidade, remata o 30 de novembro de 2009.

Tendo en conta o atraso producido na resolución das devanditas subvencións, motivado polo volume de solicitudes presentadas e polo longo proceso de avaliación, e co fin de viabilizar o proceso de xestión e dado que non se causa prexuízo a terceiros, proce-

de modificar o referido artigo 18 da orde de convocatoria,

### DISPOÑO:

A modificación parcial do artigo 18 da Orde do 22 de xullo de 2009 pola que se aproban as bases que rexen a convocatoria de subvencións para o fomento da investigación e a innovación empresarial, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009, que queda redactado do seguinte xeito nos parágrafos afectados:

Artigo 18º.-*Xustificación da subvención.*

1. Prazos de presentación da documentación xustificativa.

-Expedientes dunha anualidade: 9 de decembro de 2009.

(../...)

2. Documentación.

2.1.c) Os períodos de emisión de facturas serán os que se indican a continuación:

Expedientes dunha anualidade	Desde:
(IN841A, IN841B, IN841E)	-A data de presentación da solicitude (IN841A e IN84B). -O 1 de xaneiro de 2009 (IN841E).
	Ata:
	-O 9 de decembro de 2009.

Santiago de Compostela, 19 de novembro de 2009.

Javier Guerra Fernández  
Conselleiro de Economía e Industria